

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE NOVEMBRO DE 2016.

- 1.- Acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro, ordinaria do 4 de novembro e extraordinarias e urxentes do 7 e 8 de novembro de 2016.

ADMINISTRACION ELECTRÓNICA

- 2.- Medidas de implementación das Leis 39/2015 e 40/2015. Expte.7981/113.

BENESTAR SOCIAL

- 3.- Dar conta da relación de expedientes de contratación de gasto menor tramitados polo servizo de Benestar Social, durante os meses de setembro-outubro 2016. Expte. 131651/301.

CONTRATACIÓN

- 4.- Proposta de requirimento de documentación ao segundo licitador na clasificación de ofertas para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro. Expte. 8492/446.
- 5.- Clasificación de ofertas para a contratación da subministración de estacións de traballo de sobremesa e pantallas. Expte. 7854/113.
- 6.- Proposta desestimatoria do recurso de alzada interposto por Limonta Sport Ibérica S.L., no procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial do campo de fútbol de Comesaña. Expte. 15119/333.

DEPORTES

- 7.- Subvención a favor da entidade Club Deportivo Valladares para a reforma do alumeado no campo de fútbol da Gándara-Valladares. Expte. 15340/330.

EMPREGO

- 8.- Proposta de aceptación de renuncia a "Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2016". Expte. 13083/77.

RECURSOS HUMANOS

- 9.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais de instalacións municipais, por un máximo de seis meses, para o Servizo de Educación. Expte. 28831/220.

- 10.- Dietas do órgano de selección da bolsa de emprego de enxeñeiros/as técnicos/as en Topografía 2016 por importe de 1533,84 euros. Expte. 28862/220.
- 11.- Reclamacións axudas socio-sanitarias 2016 (FAS). Expte. 28886/220.
- 12.- Modificación bases específicas Policía Local OEP 2010-2011 (2ª Fase), Base Específica IV.B), l) e K), ante a modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, pola Lei 9/2016, do 8 de xullo e rectificación de erro material. Expte. 28918/220.
- 13.- Modificación puntual da vixente RPT na Área de Cultura. Expte. 28920/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 14.- Subvención nominativa, mediante un convenio coa Orquesta Clásica de Vigo, para o desenvolvemento do Programa de concertos 2016. Expte. 990/330.
- 15.- Subvención nominativa, mediante un convenio con SINSAL Audio S.L., para a organización do Festival SINSAL 14. Expte. 1001/330.
- 16.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **18 de novembro de 2016, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

